

### Indicadores cuantitativos para guiar futuros estudos

Ámbitos da violencia	1. Delitos coñecidos de abuso, acoso e agresión sexual
	2. Vítimas de tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual e prostitución
	3. Vítimas de mutilación sexual feminina
	4. Casos de acoso sexual e acoso por razón de sexo no lugar do traballo (e proporción sobre o total de persoas traballadoras)
Resposta institucional	5. Casos de violencia identificados nos centros de ensino regrado obrigatorio e postobrigatorio.
	6. Casos de violencia identificados nas escolas de lecer e tempo libre
	7. Casos de violencia identificados en consultas de atención primaria
	8. Mulleres atendidas no sistema sanitario público, na atención primaria, na atención especializada e nos servizos de urxencias como consecuencia da violencia

### Futuras liñas de investigación

1. Establécese como prioritario analizar o impacto das violencias machistas a nivel local, tendo en conta os criterios de interseccionalidade e afondando na realidade das rapazas novas e tamén das mulleres maiores como escenarios de particular vulnerabilidade.

2. Resulta fundamental identificar machismos da vida cotiá –nos ámbitos afectivo e sexual, familiar, educativo...– que fornecen a desigualdade entre mulleres e homes, apuntalando o sistema patriarcal por medio de prácticas diversas como a intimidación; estratexias de control e poder, tanto no eido público coma no privado; abuso da capacidade feminina do coidado, prácticas paternalistas...